

Nota da APDR sobre o concurso fotográfico sobre Medio Ambiente (e sobre a problemática das prantas de celulosas nos rios Uruguai e Rio de la Plata e no resto do mundo).

CONCURSO INTERNACIONAL DE FOTOGRAFÍA SOBRE MEDIO AMBIENTE

A "Asociación Pola Defensa da Ría" quere facer chegar á opinión pública en xeral, e dun xeito moi particular ás persoas interesadas pola fotografía, a información sobre o "Concurso Internacional de Fotografía sobre o Medio Ambiente" que ven de se convocar desde a cidade arxentina de Guaeguaychú como unha actividade máis da súa loita contra a instalación das fábricas de pasta de papel que ENCE e BOTNIA tentan ubicar no veciño Uruguai. O prazo de presentación de orixinais rematará o vindeiro 20 de abril.

Na organización do Concurso, que se centrará na fotografía sobre as distintas fábricas de pasta de papel existentes no mundo e sobre a problemática ambiental e social que a presenza destas fábricas xeneran, participa activamente a "APDR"; en efecto, o presidente da APDR, Antón Masa, é membro da antedita comisión e forma parte tamén do xurado na categoría de "maiores non profesionais", polo que quere animar aos pontevedreses e pontevedresas a enviar fotografías sobre a fábrica de ENCE en Lourizán e sobre a loita da sociedade civil da nosa bisbarra pola súa desaparición e a recuperación da Ría para o desenvolvemento económico da zona e para mellorar a saúde e a calidade de vida das persoas.

Pero Pontevedra non estará representada neste Concurso só pola presenza da "APDR", senón tamén pola presenza no xurado correspondente á categoría de "maiores profesionais" do Dr. Manuel Sendón, profesor de fotografía na Facultade de Belas Artes e do pontevedrés Mario Iglesias, Dr. en Belas Artes e cineasta reconecido internacionalmente pola realización e dirección de máis de 20 curtometraxes e que na actualidade está a rodar a súa 2ª longametraxe, que participará no xurado da categoría de "maiores non profesionais".

Como arquivo xunto, engadimos a información inteira acerca do Concurso e animamos a todos os medios de comunicación a axudar na convocatoria e aos/ás fotógrafos/as profesionais ou afeccionados a participar no mesmo.

Pontevedra, 24.3.2007